



INFORME DA SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CREA UN FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL NA AXENCIA TURISMO DE GALICIA.

En cumprimento do disposto nos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto do *Proxecto de orde pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Axencia Turismo de Galicia*, esta Secretaría Xeral emite o preceptivo

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE núm. 298, do 14 de decembro) regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos que os faga susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

No artigo 20 da dita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só se poderá facer por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente, e establece no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.

Para dar cumprimento a este precepto, publicouse a Orde do 8 de outubro de 2014 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Axencia de Turismo de Galicia.

Para a creación dun novo ficheiro corresponde á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a aprobación da disposición, de conformidade co previsto no artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Decreto





76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

2. Acerto e oportunidade

A Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 8 de outubro de 2014 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Axencia de Turismo de Galicia, procede á creación dos ficheiros de datos de carácter persoal que se mencionan no anexo II da dita orde.

A proposta ten por obxecto a creación dun novo ficheiro de carácter persoal na Axencia de Turismo de Galicia, en relación cos datos que obran nos expedientes relacionados coa actuación da Inspección Turística, atendendo ao nivel alto das medidas de seguridade esixible a algúns deles, como os relativos á saúde das persoas interesadas, co contido que se establece no artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

3. Estrutura e contido

O proxecto de orde consta de seis artigos, unha disposición derradeira única e un anexo.

O artigo 1º do proxecto regula o obxecto da orde, que é a creación dun ficheiro de datos de carácter persoal que se relacionan no anexo I, coa denominación “relacións coa inspección turística”.

A continuación, o articulado regula o contido, a finalidade e uso do ficheiro, a cesión de datos, órgano responsable do ficheiro, nivel de protección e medidas de seguridade.

O Anexo I establece o ficheiro de nova creación co contido previsto na normativa de aplicación.

4. Tramitación

A tramitación do proxecto realizouse de conformidade co establecido no Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente a documentación xustificativa do cumprimento dos seguintes trámites:





1. Acordo de inicio do 26.10.2017
2. Memoria xustificativa do 27.10.2017
3. Memoria económica-financeira do 27.10.2017
4. Táboa de vixencias do 27.10.2017
5. Informe do Servizo de Apoio Técnico do 13.11.2017
6. Resolución de aprobación inicial do proxecto do 14.11.2017
7. Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos do 21.11.2017
8. Informe da Secretaría Xeral da Igualdade do 21.11.2017
9. Informe da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 4.12.2017
10. Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa do 1.12.2017
11. Certificado publicación Portal de Transparencia do 12.12.2017
12. Memoria da Axencia de Turismo de Galicia, xustificativa do tratamento dado ás observacións contidas nos informes de Amtega e Secretaría Xeral da Igualdade
13. Informe da Asesoría Xurídica Xeral do 15.02.2018 e memoria xustificativa do tratamento dado ás súas observacións.

En virtude do exposto, emítase o presente informe de conformidade cos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, sen que se precise solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galicia por tratarse dun proxecto de regulamento organizativo, tal como se sinala no informe da Asesoría Xurídica, respecto do cal resulta non resulta preceptivo o referido ditame, segundo do disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Santiago de Compostela,

O SECRETARIO XERAL DA PRESIDENCIA

Manuel Galdo Pérez

